

Nome _____ Data _____

Un acuario con moita vida

Brais reside nunha vila das Rías Altas e está afeito a ver como os peixes viven no mar. Pero desde que era pequeno gustoulle ter peixes como mascotas. Por fin hoxe é o seu aniversario e puido pasar os peixes ao novo acuario que lle regalaron. Ten unha capa de area no fondo, unha pequena cova para o refuxio dos peixes, dúas especies distintas de plantas acuáticas que producen osíxeno, luz e unha bomba para filtrar a auga e mesturala ben con aire. Os peixes parecen estar moi contentos no seu novo fogar!



1 Responde as preguntas.

a) Que función cumpre a bomba dun acuario?

b) Por que é necesario que a auga do acuario se mesture ben con aire?

c) Cres que os peixes están mellor nun acuario grande ou nun pequeno? Explica por que.

2 Cando temos un acuario, debemos proporcionar alimento aos peixes todos os días. É necesario tamén engadir ao acuario alimento para as plantas? Explica a resposta.

3 Brais saíu co seu avó para pescar en mar aberto. Contáronlle que a luz non chega ás zonas máis profundas e os peixes que as habitan pasan a súa vida en total escuridade. Poderían vivir as plantas nese contorno? Por que?

4 As plantas do cuarto de Brais teñen que facer a fotosíntese; si, as do acuario tamén! Pero como o fan? Ordena as fichas para escribir unha descrición correcta dese proceso.

que entra polos estomas	ata as zonas verdes da planta.	que forman o zume bruto.	auga e sales minerais,	Este zume é unha mestura de auga e alimentos.
e forma o zume elaborado.	As plantas toman da terra	combínase co dióxido de carbono	Este zume circula polos vasos leñosos	Alí, grazas á enerxía do sol,


As plantas toman da terra

5 Que gases producen as plantas do acuario? Cales absorben? Elixe as palabras correctas.

Producen *dióxido de carbono* / *osíxeno* durante a *fotosíntese* / *respiración* e consómeno durante a *fotosíntese* / *respiración*. Expulsan *dióxido de carbono* / *osíxeno* durante a *fotosíntese* / *respiración* e absórbeno durante a *fotosíntese* / *respiración*.

6 Esta gráfica representa a cantidade de osíxeno que hai disolto na auga dun acuario ao longo dun día. Sinala a interpretación correcta da gráfica.

- Hai cada vez máis osíxeno porque o producen os peixes.
- Hai cada vez menos osíxeno porque o consomen os peixes.
- A cantidade de osíxeno é máis ou menos constante.



7 No texto inicial menciónase algo que fan as plantas acuáticas. Utiliza ese exemplo para explicar se os seres vivos inflúen sobre as condicións do medio físico que habitan.
